

IES CAMPO DE SAN ALBERTO

Materia	Lingua e literatura galega	CURSO 23-24	4º ESO
Profesora	Esperanza Videla Pérez		
1ª, 2ª e 3ª Avaliación			
1. Competencia en Comunicación lingüística: 85%			
A) Exames (1 ou 2 por avaliación). 70% Os exames conterán exercicios de comprensión, análise e produción textual, funcionamento da lingua, lingua e sociedade e literatura * se se considerase conveniente, ata a metade desta porcentaxe podería pasarse ao apartado B, previo aviso ao alumnado e consignándoo nas actas do departamento.			
B) Tarefas escritas e orais individuais ou en grupo: 10%.			
C) Uso habitual da lingua galega nas comunicacións orais e escritas: 5%			
O alumnado terá que ler cada avaliación un libro de lectura. A lectura deste libro avaliarase na parte B. Os apartados B e C serán medidos mediante rúbricas e rexistros cuantitativos.			
2. Competencia aprender a aprender, social e cidadá, Conciencia de expresións culturais e dixital: 15%			
Observación sobre o seu esforzo, organización e autonomía no seu traballo diario. Observación da responsabilidade na entrega de tarefas, nos prazos, no coidado do material e do respecto e a harmonía cos compañeiros/as e profesora. Observación do respecto e interese sobre as distintas manifestacións culturais e da súa creatividade. Observación da súa capacidade de manexar as TIC, cumprir as normas de entrega e buscar e transformar a información e manexar as fontes de información. Todos estes aspectos serán medidos coas rúbricas correspondentes, que serán coñecidas polo alumnado.			
Neste apartado incluíranse tamén as tarefas diarias (“deberes”). A non realización das tarefas marcadas implica a diminución da porcentaxe aplicada para a superación da materia (- 0,25 de cada vez, que poderá recuperarse entregando as tarefas non feitas na seguinte sesión de clase)			
Das cualificacións de todos os traballos e probas escritas e mais dos exames restarase puntuación por erros ortográficos (máximo -2 puntos) e de presentación (máximo -0,5 puntos); as faltas de ortografía descontaranse do seguinte xeito:			
a. Faltas copiadas ou moi graves: 0,1 puntos cada unha			
b. Resto de faltas, incluídos os tiles: 0,1 puntos cada 2 faltas			
No caso de que se descubra a un alumno ou alumna copiando nalgunha proba, traballo ou exame en que non estea expresamente permitido, anularáselle a parte implicada ou totalidade do exercicio, segundo se considere oportuno, que pasará a computar como un cero para os efectos da avaliación trimestral. O alumno que non se presente a unha proba de avaliación faraa no prazo de 2 días (máis tardar) desde que se incorpore. De non facelo así terá que facela na proba de recuperación correspondente.			
A participación nas diferentes actividades programadas polas distintas coordinacións do centro sumará ata 1,5 puntos sobre a nota aprobada da materia.			
Coa finalidade de fomentar o hábito lector, o alumnado poderá ler un máximo de dous libros voluntarios por avaliación (escollidos do listado facilitado pola profesora), que computarán ata 0,5 puntos cada un sobre a nota global da avaliación, pero sempre a partir do aprobado. Para a súa valoración deberán realizar un breve control oral da lectura seleccionada.			

Recuperacións:

Despois da 1ª e da 2ª avaliación propoñeráselle ao alumnado algún traballo de recuperación (exame, traballo, lecturas...), sempre referido ao 80 (ou parte correspondente) da competencia en comunicación lingüística. A esa nota sumarase a nota acadada nas outras competencias avaliadas. Despois da 3ª avaliación traballarán para superar a materia ou subir nota na Avaliación Ordinaria.

Cualificación da Avaliación Ordinaria da materia:

- O alumnado aprobará curso cando a media ARITMÉTICA REAL (non a que figura no XADE) das tres avaliacións sexa 4,5 ou superior (independentemente das avaliacións aprobadas ou suspensas), redondeándose sempre á décima seguinte.

- O alumnado que non chegue a 4,5 terá que presentarse a un exame global final de toda a materia, independentemente de que teña aprobada algunha avaliación.

IES CAMPO DE SAN ALBERTO

COMPETENCIA	ESTÁNDARES IMPRESCINDIBLES	PORCENTAXE	INSTRUMENTOS
Lingüística	<p>BLOQUE 1</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. - Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía <p>BLOQUE 2</p> <ul style="list-style-type: none"> - Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais). - Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de textos escritos. - Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas conectores e outros elementos de cohesión. <p>BLOQUE 3</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso - Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e aplícaas correctamente. - Recoñece, explica e usa os procedementos de creación de palabras. - Identifica enunciados e analiza a súa estrutura interna <p>BLOQUE 4</p> <ul style="list-style-type: none"> - Describe a situación sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía apropiada. <p>BLOQUE 5</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos. - Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definatorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. 	75%	TAREFAS PRESENCIAIS OU ON LINE A TRAVÉS DA AULA VIRTUAL E DA PLATAFORMA AGUEIRO

IES CAMPO DE SAN ALBERTO

Aprender a aprender, social cidadá, matemática e conciencia de expresións culturais	<ul style="list-style-type: none">- Recoñece e analiza a situación sociolingüística de Galicia e comprende a necesidade de avanzar no proceso de normalización lingüística.- Recoñece o valor e a importancia da literatura de 1916 ata a actualidade	10%	TAREFAS PRESENCIAIS OU ON LINE A TRAVÉS DA AULA VIRTUAL E DA PLATAFORMA AGUEIRO
Dixital	<ul style="list-style-type: none">- Emprega as tecnoloxías da información e a comunicación	5%	USO E MANEXO DAS FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN DIXITAL